


Folerpas de Novoneyra



Título: Folerpas de Novoneyra
Autor: Fran Alonso
Editorial: Xerais
Colección: Merlín
Nº páxinas: 136
ISBN: 978-84-9914-122-0
Idade: De 11 anos en diante

XERAI S



o autor

Fran Alonso (Vigo, 1963)

Estudou a carreira de filoloxía e, ao acabar, comezou a traballar no xornalismo. Desde hai bastantes anos, desenvolve o seu traballo como editor, no ámbito do libro.

A súa vocación de escritor é a que sente desde neno. Ademais destes *Folerpas de Novoneyra* escribiu *A vida secreta de María Mariño*, que tamén é unha biografía desa escritora tan amiga de Uxío Novoneyra.

Fran Alonso é poeta e o seu libro infantil *Cidades* recibiu varios premios. E tamén escribiu historias como *O brillo dos elefantes* e *Cartas de amor*.

Para os máis pequenos fixo álbum ilustrado, como *A casa da duna* e *A araña e mais eu*. Outro libro moi coñecido que saíu das súas mans é a antoloxía de poesía galega *Poetízate*.

Ademais, escribiu outros moitos libros, ata un total de vinte.

Ten o seu domicilio virtual en www.franalonso.eu.

o libro

Recóllese do «Epílogo do autor».

Folerpas de Novoneyra naceu coa intención de ser un libro de descuberta, de achega, dirixido a revelarlles aos lectores e lectoras infantís os pequenos segredos do poeta, do mundo que habitou e, sobre todo, da súa poesía; como a concibía e que circunstancias motivaron os seus textos. E é, ao tempo, unha biografía que navega buscando a conciliación permanente entre a vida e a obra do poeta, eses dous aspectos que para el resultaron inseparables.

Uxío Novoneyra foi un dos poetas galegos máis rigorosos, visionarios e singulares da literatura galega, e a súa obra queda ligada inevitablemente ao século XX para divulgalo.

O libro, indubidablemente, bebe de toda a información anterior publicada sobre Uxío Novoneyra, sen exclusión.

Só nos queda por dicir que é unha obra que vai máis alá dun libro para unha data e que se nalgún momento a súa lectura resultara un pouco difícil aí estará a axuda do mediador que colaborará co autor para mostrar a vida e a obra dun poeta que non admite a superficialidade nin a banalización.

temas e valores



As letras galegas

Desde 1963, centenario da publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, a Real Academia Galega celebra o 17 de maio como Días das Letras Galegas, dedicándolle cada ano a un autor ou autora con obra de valía e que leve como mínimo dez anos morto. O 2010 correspondeulle a Novoneyra, despois de que 2009 se dedicara a Ramón Piñeiro, un admirador da súa poesía, co que tiña coincidido en Compostela.

Novoneyra defínese como **poeta** e vive como poeta. A súa poesía busca a esencia do que sentimos e o que somos, unha poesía que dá continuas voltas arredor de si mesmo publicando unha e outra vez os mesmos libros revisados e revisitados. Unha poesía que busca expresarse de maneira mínima concedéndolle moita importancia ao silencio, aos espazos en branco, ata conseguir poemas dun só e curto verso. El mesmo o explica en frases como as que seguen: «Acabei servindo á palabra poeta» ou «A poesía é como ese cume que ves aló lonxe, cando o sobes e entras nel envólvetes e non deixa de facerche preguntas co seu silencio e as cordas da túa sensibilidade ábrese e o poema tamén ten o seu primeiro respiro con toda a potencialidade que emana da terra».



O poeta da terra...

...que fala da natureza, dos eidos. El mesmo aclara que escribe poesía da Terra, non da paisaxe, porque á paisaxe, os que conviven coa terra chámanlle terra. E dentro desa natureza o lobo, como príncipe do reino da soidade, unha figura mítica que representa a natureza no seu estado puro e salvaxe.



Un home e un tempo

O libro recolle a vida e a obra de Novoneyra situándoa nun lugar e un tempo histórico do que achega as coordenadas necesarias para a súa comprensión. A guerra e a posguerra, os tempos da transición e democracia. A influencia artística das vangardas e dos movementos sociais, culturais, musicais... que neses momentos se producían internacionalmente. Así mesmo, este libro recolle múltiples citas e referencias a outros autores e autoras das que achega unha información conveniente para o alumnado.



Vida e obra entretecida

Escritor cun perfil comprometido ético e político, que denuncia as inxustizas, que traballa a palabra como un labrego a terra, que conserva a riqueza patrimonial do léxico e que vai á esencia. Recóllese do texto: «A identificación entre a vida e a obra que facía o propio Uxío Novoneyra responde a esa concepción do que se chama un 'poeta total'. De feito,


temas e valores

afirmaba que *Os Eidos* só fora posible grazas a unha intensa experiencia, na súa vida, de convivencia coa terra: «Cada vez pásmome máis de aquel estado de *Os Eidos*. Non de *Os Eidos* como libro. (...) A experiencia de cómo din coel e me instalei naquel mundo, e conseguín que aquel mundo me colmase». «Uxío Novoneyra ligaba a autenticidade da poesía a ese entrelazo entre a vida e a obra». Explicaba: «unha cousa que non pase pola experiencia, pola emoción, non a deixarei pasar pola palabra».



As características da poesía de Novoneyra


As características da poesía de Novoneyra: esencia, minimalismo, fonosimbolismo... Unha poesía irrepetible preñada de topónimos, reducida á esencia, feita mínima, comprometida co tempo e os desfavorecidos.



O Courel

O espazo da serra cheo de silencios; un mundo pleno de biodiversidade que semella permanecer como no principio dos tempos. Novoneyra víveo, retrátao e observa como se vai perdendo, tal como recolle no libro *Os Eidos*. El é a voz do Courel, o poeta da serra, a mesma que está presente nos seus

contos para nenos. O poeta é testemuña de cómo a xente foi emigrando e abandonando o rural, e tal como escribe Fran Alonso el vencellaba isto ao desprezo pola cultura tradicional galega, que durante séculos se mantivo viva ligada á terra e á natureza; nas palabras de Novoneyra, «A xente aceptou a agonía rural. E o goberno aceptou a agonía do rural dicindo que é inevitable. Acétana cunha tranquilidade pavorosa, sen saber que se vai o sentido fundamental do noso pobo: eí estaba a reserva última da nosa lingua». E conclúe contundente «Onde só queda alguén para aguantar dos nomes». O poeta recolle os topónimos, os nomes do lugares de seu, palabras que foron ditas polos antepasados e han de continuar.



Poeta e decidor

«El considerábase un ‘decidor’, herdeiro desa tradición de labregos que durante as súas faenas ou a carón da lareira ‘dicían’ versos, contos, romances ou lendas. Eran os decidores. A Uxío gustáballe moito recitar, ou ‘decir’ pois era unha arte que dominaba, e sabía exercer o control da palabra, sabía imprimir a entoación precisa, sabía buscar a emoción en cada momento. Os seus recitais eran sempre un espectáculo deslumbrante, entrañable, un acto de intimidade, de emotividade». Del dixo Ramón Piñeiro: «a poesía dos nosos cancioneros ninguén a recita como Novoneyra. El é un marabilloso recitador, e esta poesía, de seu difícil, porque foi escrita para cantar con música, na súa voz acada a gran riqueza rítmica e a matización íntima que o lector de versos dos nosos días, tan distintos daqueles, apenas percibe».

actividades

A proposta de actividades que segue xorde das múltiples posibilidades de xogo arredor do texto. Nunca deben ser tomadas, dunha maneira que non sexa simplemente a apertura dun abano de posibilidades para comprendelo algo mellor, darlle voltas, repensalo...

Cada mediador deberá escoller aquelas actividades que lle resulten máis interesantes (tendo en conta os obxectivos que o guían) ou creará as súas propias, en base ás que a continuación se deseñan.

En calquera caso, o máis importante dunha historia é lela e comentala. Realizar algunha actividade en torno a esta lectura ha de ser, en todo caso, complementario do anterior, pero de ningún modo debe ocultar o obxectivo principal que é ler e gozar da obra.

Antes da lectura

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Observando as capas imaxinaremos de qué poden tratar os poemas e o que podemos atopar neles.
- Atenderemos ao que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- A lectura da contraportada axudaranos a adiantar o argumento do mesmo. Deixamos que vaian aflorando os coñecementos previos acerca da temática que se cita e da mitoloxía.
- Identificamos o autor e comentamos o que saibamos acerca del. Podemos axudarnos buscando na rede, especialmente na *Galipedia*, na *bvg* ou a información que achega a editorial. Buscamos outros libros deste autor na biblioteca.
- Podemos falar da colección, doutros títulos que coñezamos e da opinión que nos mereceron. Revisamos o apartado final doutros títulos da colección e comentamos aqueles que coñezamos.
- Informámonos doutros libros que nesta mesma colección trataron sobre autores aos que tamén s'elles dedicou o día das Letras Galegas.
- Falamos das expectativas que temos acerca desta obra.
- Comentamos a imaxe da capa. Documentámonos acerca do seu autor.
- Pasando as follas do libro e observando o índice dámonos conta de que consta de varias partes moi diferentes.; tratemos de definilas.

Ao longo da lectura

- Revisamos o índice e comentamos as historias que pode haber detrás de cada un dos capítulos.

actividades

- Identificamos quen narra a historia.
- O autor vainos contando a vida de Novoneyra como se lle falara ao ouvido a un rapaz ou rapaza. Vainos aclarando moitas cousas que nos non coñecemos ou podemos non coñecer, nun empeño por mostrarnos o valor do home e do poeta. Podemos anotar aqueles aspectos que nos resultan máis difíciles, que non entendemos demasiado ben para posteriormente aclaralos con axuda.
- Seleccionamos os fragmentos máis interesantes, segundo o noso criterio, para poder compartilos cos compañeiros.
- O título de cada un dos capítulos será unha porta de entrada que nos permitirá anticipar o contido. Despois de ler cada un deles, podemos crear un título que o resuma.
- Podemos ilustrar, segundo o noso gusto, aquelas pasaxes da obra que nos suxiran unha imaxe.
- Imos facendo unha listaxe co nome dos intelectuais que van aparecendo no texto coa finalidade de nos documentar un pouco máis.
- Preguntámonos:
 - Como nace o apelido Novoneyra?
 - Quen lle comeza a chamar Uxío ao poeta?
 - Que significa, para ti, o título *Os Eidos*?
 - E *Voces Ceibes*?
 - Que sinónimos hai de «castaña» no Courel?
 - Cal é a diferenza entre a república e a monarquía? Entre a ditadura e a democracia? Que é un golpe militar?
 - A quen se lle chamaba «roxo» na guerra e na posguerra? Por que? Que significado tiña «ser paseado» na guerra e nos primeiros tempos de posguerra?
 - Quen eran os galeguistas?
 - Que supón que Novoneyra se exprese publicamente en galego en 1957 no ciclo de conferencias «Homenaje a la poesía gallega»?
 - Quen formaba o grupo Brais Pinto?
 - Que se recoñece como «maio do 68»?
 - Publicou Novoneyra algún libro que non estivera escrito en galego?
 - Que é unha elexía?
 - Que aspectos non entendemos desta obra? Que dúbidas ou necesidade de información nos crea?
 - A que se chama *Action Painting*? E *beatnik*?
 - En que poemas podedes ver o compromiso de Novoneyra cos desfavorecidos, coas grandes causas?
 - Que se agacha detrás das siglas AELG?
 - En que notamos a identificación entre a vida e a obra de Novoneyra?

actividades

- Quen era María Mariño?
- A quen dedica os seus libros?
- En que traballou Novoneyra na radio e na televisión?
- Como se chamou o primeiro álbum de banda deseñada galega da autoría de Raimundo Patiño e Xaquín Marín?
- Na páxina 20 cítansenos unha serie de poetas estranxeiros. Comentade se coñecedes a algún deles. Podedes distribuílos entre vós e que cada grupo busque información ou un poema de cada un deles.
- No texto, ademais de nomes de escritores, aparecen recollidos os nomes de varios pintores. Buscámoslos e, a continuación, localizamos algunha das obras destes creadores.
- Ata hai pouco tempo o Servizo Militar era obrigatorio e todos os homes o tiñan que realizar, igual que fixo Novoneyra. Recolle as experiencias de alguén que o pasara, podes entrevistar aos teus familiares, e indaga cando deixou de existir.
- Localizamos un cadro no que se representa o ambiente artístico do café Gijón de Madrid.
- Dísenos que Novoneyra lía moito nas bibliotecas, tanto na do Círculo das Artes de Lugo como na Nacional de Madrid ou nas doutros lugares. Nelas puido entrar en contacto cos mellores libros, inaccesibles no mercado. Comentemos a opinión que nós temos das bibliotecas que coñecemos e o que alí encontramos.
- Escollamos palabras que teñen un eco especial na poesía e na vida de Novoneyra: lume, neve, antepasados, lobo... Que significado teñen para o poeta do Courel? Cal é o que nos lles damos?
- Podemos ir situando algún dos lugares da montaña de Lugo citados no libro valéndonos dun mapa ou do Google Earth.
- Da mesma maneira, situamos as cidades nas que viviu o poeta.
- Facemos a árbore xenealóxica de Uxío Novoneyra.
- Realizamos unha liña cronolóxica na que apuntamos aqueles datos que nos resultan fundamentais.
- Falamos do Courel. Aqueles que viaxaran alí ou que teñan familia pola zona poderán achegar máis información; os demais poderán tentar coñecelo a través dos múltiples datos que atoparán na biblioteca ou na rede.
- A cantidade de topónimos que usa Novoneyra na súa poesía pode converterse nun estupendo motivo para coñecelos a vista de paxaro se nos valemos de Google Earth.
- Recollede vós o nome dos lugares da vosa zona e create poemas con eles.
- Documentámonos acerca do colectivo Ronseltz e Letras de Cal.
- Na páxina 37 fálase do coñecemento que Novoneyra ten do canto dos paxaros. É o normal en alguén que vive no campo e que ten interese polas cousas da natureza. Avaliemos os nosos coñecementos ao respecto.

actividades

- Animémonos a ilustrar algunha das escenas que se describen no libro de Fran Alonso.
- Recollemos as características da poesía de Novoneyra das que fala Fran Alonso e explicámolas: existencia de topónimos, brevidade, presenza do silencio, o xogo cos sons, a lingua dun lugar, revisión continua da obra, a esencia da poesía...
- A de Novoneyra era unha maneira moi especial de recitar, de dicir os versos, tanto os propios coma os alleos. Aproveitade para escoitalo e opinade sobre o seu modo de declamar.
- Escollemos breves poemas de Novoneyra e imos escribíndoos a modo de carteis, pancartas, *graffitis*... nos lugares do patio que se nos permitan para dalos a coñecer.
- Recitamos «Letanía de Galicia» entre varios, cunha voz que adianta o poema e varias á vez a modo de coro.
- Intentamos ler «Vietnam canto» dunha maneira actual, cunha música moi do presente... Lembremos que el se move nos ritmos máis actuais e que a respecto deste poema confesa que está influenciado polo jazz, porque sendo un home do Courel estaba na vangarda do mundo.
- Buscamos, na súa obra, poemas de compromiso e denuncia.
- Novoneyra leva moitos anos sendo un clásico. Convértese no representante da mellor poesía galega polos anos cincuenta e non necesita que lle sexa concedido o Día das Letras para acadar o recoñecemento que merece. Mesmo o título do libro de Méndez Ferrín *De Pondal a Novoneyra* centrado no estudo da poesía galega da conta do seu significado dentro da poesía galega. Que outros poetas actuais vos parecen importantes?
- Despois de entrar na súa poesía, animámonos a escribir algún poema caligráfico ao seu estilo.
- Novoneyra viaxa do Courel a Compostela, que representa a promesa dunha Galicia liberada, a esperanza futura. Abride un debate e comentade que aspectos son os que coartan a vosa liberdade.
- Indagamos que son os haikus. Este modelo de composición poética foi practicada tamén por autores galegos: Novoneyra, Helena Villar Janeiro, O Leo... Buscamos unha pequena mostra haikus galegos e compartímolos cos compañeiros. O que se anime pode escribir algún.
- Na páxina 84 refírese unha anécdota na que Novoneyra comenta como un home di «¡a miña casa!» de máis de dez maneiras diferentes. Probemos a facelo cun verso que nos guste.
- Comentemos as seguintes frases de Novoneyra:
 - «Acabei servindo á palabra poeta.»
 - «Unha cousa que non pase pola experiencia, pola emoción, non a deixarei pasar pola palabra.»
- Entramos en cada unha das páxinas que se recollen no apartado «Uxío Novoneyra na rede» e noutras que vaíamos atopando nós.

actividades

- Revisamos a nosa liña cronolóxica coa axuda do apartado «Cronoloxía».
- Deleitámonos lendo a poesía de Novoneyra, na «Antoloxía poética» que nos adxunta Fran Alonso e nos libros aos que teñamos acceso.
- Escollamos os que nos gusten máis para realizar un recital poético. Xoguemos a poñerlles música, a dicilos buscando o ritmo propio que o poeta lle quixo dar ou o que nós lle engadimos.
- Imos á páxina web «Son de Poeta» e escoitamos os seus versos musicados.
- Entramos en YouTube e vemos ao poeta mentres fala.
- Alguén (Francisco Umbral) dixo de Novoneyra era o único poeta que podía estar no lugar dos pintores nos café Gijón, cal será a razón?
- Un só verso pode exercer a función de estrofa e mesmo pode ocupar un poema, un recurso que emprega Novoneyra e algúns poetas contemporáneos. «CHOVE para que eu soñe» ou «NEVA para atenuar o MUNDO» son algúns exemplos que aparecen na antoloxía. Imita agora ao escritor e espreme ben os miolos para producir un par de poemas deste tipo.
- O apartado de antoloxía recolle unha serie de poemas carentes de título. Poñerémollos nós, pero ollo: só empregaremos unha palabra.


Despois da lectura

- Antes de perder o mundo no que nos instalamos mentres liamos a obra, facemos unha nube de conceptos con todo o que nos suxeriu a lectura: serra, silencio...
- Podemos poñer en común que foi o que máis nos chamou a atención da vida de Novoneyra.
- Entramos en <http://www.opacmeiga.rbgalicia.org> e escribimos agora un comentario individual sobre o libro.
- Tal como nos conta Fran Alonso, Novoneyra deixou publicados tres contos destinados a nenos e nenas nos que se reflicte o mundo do Courel e a súa fala. Poden resultar algo difíciles pola cantidade de léxico propio que recolle, pero trátase de legar un patrimonio de palabras que necesitan adopción. Animámonos a ler eses libros e escollemos a voz que máis nos gusta co fin de adoptala. Que motivos che leva a facer esa escolla? Por que esa e non outra?
- O Courel é unha serra, un lugar fermoso cunha biodiversidade que admira aos biólogos de todo o mundo. Non obstante, está correndo perigo, tal e como se berra desde a plataforma SOS Courel. Indaga que está a pasar alí, na actualidade.
- Unha vez rematada a lectura realizamos unha posta en común para comentarmos as nosas opinións e planificar outros encontros arredor daqueles aspectos sobre os que queremos deternos (ex: a situación do galego).

actividades

- Podemos escribirlle unha carta ou un correo electrónico ao autor comentándolle a nosa opinión sobre este libro e suxeríndolle outros temas sobre os que nos gustaría que escribira.
- Entramos na súa bitácora para saber algo máis acerca del.
- Visitamos a entrada que lle dedica a Galipedia ao poeta lucense e ampliamos a súa entrada.
- Lemos detidamente os primeiros parágrafos do «Epílogo do autor», no que se nos declaran as intencións da obra. Cres que Fran Alonso logra o seu obxectivo?
- Se che gustou este libro de Fran Alonso, podes buscar na biblioteca *A vida secreta de María Mariño* e lelo.
- Se xa liches *A vida secreta de María Mariño*, aprendiches cousas sobre Novoneyra que non están neste libro?
- Realizamos unha exposición con todos os libros de Novoneyra que temos na biblioteca.
- Resumimos o argumento desta historia.
- Pasamos a obra a cómic. Podemos elaborar a nosa banda deseñada de forma manual ou dixital e colgala na rede para que todos as podamos ler.
- Aqueles que leran a saga de «O Brindo de ouro», de Xesús Manuel Marcos, poderán achegar a súa percepción acerca da coincidencia ,ou non, dos lugares e dos nomes compartidos con Novoneyra. Un é un mundo tomado da realidade, outro da ficción.
- Agora é o momento de afondar na obra do poeta Novoneyra, de gozala unha vez comprendido o seu mundo. Lemos os seus poemas, escoitámoslos na súa voz ou musicados...
- Se este libro nos gustou podemos ler outros do autor, Fran Alonso.
- O autor da portada do libro é o mesmo que ilustrou *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín*. Documentámonos sobre el.
- Relacionamos a novela con outros libros e con algunha película.

Coñecer a Novoneyra, lelo, lévanos ao Courel. Esa visita pode ser a actividade final desta experiencia. Camiñar á Devesa da Rogueira na primavera ou no outono, visitar os lugares que sosteñen os topónimos, levar as palabras do poeta ao lugar que as inspirou...



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15190 • A Coruña
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2010
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2010
Depósito legal: VG 413-2010